

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E OPC GALICIA PARA A CELEBRACIÓN DO 36º CONGRESO NACIONAL OPC SPAIN

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que a Axencia de Turismo de Galicia formalizou con OPC Galicia (Asociación de Organizadores Profesionais de Congresos de Galicia) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e OPC Galicia para a celebración do 36º Congreso Nacional OPC Spain, que tivo lugar entre os días 22 e 24 de febreiro de 2024 na cidade da Coruña.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permitan acadar os seus obxectivos.



Segundo.- OPC Galicia, a Asociación Galega de Empresas de Organización Profesional de Congresos, é unha organización sen ánimo de lucro que, dende o seu nacemento no 1994 e de acordo cos seus estatutos, vela pola mellora da calidade, pola promoción continua do destino e máis pola posta en valor dos profesionais e servizos galegos en relación á organización profesional de congresos e eventos en Galicia.

Na procura dese obxectivo organiza actividades que afondan na mellora da cualificación do sector e máis na divulgación de Galicia como destino para a organización de congresos.

Terceiro.- A cidade da Coruña acolleu entre o 22 e o 24 de febreiro de 2024 o 36º Congreso OPC Spain, agrupación sectorial que congrega ás empresas organizadoras de congresos e eventos de España. A Coruña, a cidade elixida como sede deste evento, conta cun recoñecido potencial como destino nacional e internacional e está totalmente preparada como sede de eventos de gran magnitude grazas ós seus espazos, gastronomía, paisaxes, oferta cultural, deportiva e musical.

OPC España, Federación Española de Asociacións de Empresas de Organización Profesional de Congresos, é a entidade de referencia no noso país na industria congresual, defensora dos profesionais que conforman o sector, órgano consultor para aqueles estamentos oficiais que así o requiran, e interlocutor co resto de asociacións e federacións dentro do sector MICE (Turismo de Congresos e Reunións) español e europeo.

Actualmente OPC España está configurada por 11 asociacións autonómicas de empresas OPC e con 4 delegacións autonómicas. Conta con máis de 100 empresas membros de pleno dereito e máis de 200 empresas colaboradoras.

Desde fai máis de 35 anos OPC España organiza un congreso anual, punto de encontro de todos os profesionais do turismo de congresos e reunións do país, e referente de reciclaxe e formación continua para un sector curioso e inquieto por natureza. E, nesta ocasión, coa colaboración da asociación galega.

O eixo temático desta cita xirou en torno ao Compromiso 360º, é dicir, na necesidade de que as empresas do sector MICE ofrezan aos seus clientes servizos e experiencias



completas, útiles, actualizadas, así como conscientes e sostíbeis. Xa non basta con que sexan tecnoloxicamente avanzados; compromiso social, diferenciación, valores e conciencia: estas son as claves par os congresos e os eventos de hoxe.

O evento contou con relatorios que versaron sobre, entre outras, as seguintes liñastemáticas: a sustentabilidade, a IA ó servizo do MICE, novas ferramentas tecnolóxicas e dixitais, visión de futuro do sector a nivel internacional, a fiscalidade dos eventos, estratexia de márketing MICE, a xestión dos patrocinios.

Asistiron case 300 persoas cun perfil profesional altamente recoñecido, que funcionan como prescriptores de primeiro nivel. Tratouse dunha oportunidade única para mostrar destino, servizos e recursos a un público decisor.

Ademais, como preludio a este 36º Congreso, tivo lugar a reunión do Foro MICE, que reuniu a todas as asociacións autonómicas de OPC España con outras asociacións que representan a empresas de viaxes de empresa, montaxes audiovisuais, montaxes efímeros, catering, azafatas, entre outras.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

